



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DO MAR E A FEDERACIÓN PROVINCIAL DE CONFRARÍAS DE PESCADORES DA CORUÑA

### MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro DECLARA:

Que esta Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro ven de formalizar coa Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 17.07.2025 ata o 16.12.2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer as condicións de colaboración entre a Consellería do Mar e a Federación Provincial de Confrarías de Pescadores da Coruña co fin de financiar as inversións que leve a esta institución sen ánimo de lucro para acadar a mellora da competitividade.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se ven de asinar se fundamenta no seguinte:

Que se trata dunha subvención nominativa porque na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025 figura a dotación orzamentaria no capítulo VII de Transferencias de Capital, 16.03.722A.781.3, proxecto 2014 00639, destinada a financiar convenios coas federacións de confrarías de pescadores para realizar determinadas inversións.

E de conformidade co artigo 26 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os convenios serán o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente.

Os investimentos a realizar serán os seguintes:

a) Adquisición de mobiliario: cadeira ergonómica de oficina para mellorar a comodidade do persoal administrativo da federación durante o seu traballo e evitar



posibles lesións laborais así como mobles para almacenaxe de material de oficina e electrónico/informático que na actualidade está almacenado de xeito precario.

b) Adquisición de material informático diverso:

b.1- servidor tipo NAS que aumenta a seguridade dos arquivos e datos da federación, facilita a protección do equipo informático e a súa durabilidade ao poder apagalo con maior frecuencia, aumenta a seguridade e a velocidade de acceso remoto ao servidor ao facelo directamente sen necesidade de software de administración e sen depender dun segundo PC contribuindo a ter a disposición da federación os datos en calquera momento e dende calquera localización sempre que se conte cunha conexión a internet, aumentando a produtividade e mellorando a atención as confrarías asociadas

b.2- tres smartphones que contribuirán á mellora da comunicación cos asociados, cos directivos, coa administración, cos provedores, etc. mellorando a produtividade e a atención que se pode prestar

b.3- ordenador portátil así como un mini PC de sobremesa cos periféricos necesarios para facilitar o traballo do persoal administrativo dende calquera localización na que se atope aumentando a produtividade e mellorando a atención aos asociados evitando problemas de seguridade e vulnerabilidade

b.4- tablet que pola súa versatilidade aporta vantaxes á hora de acceder a reunións online, conectarse con outros dispositivos, recibir mails, acceder a textos e incluso poder conectarse directamente co servidor para acceder á base de datos, aumentando a produtividade e mellorando a atención aos asociados.

c) Realización de tres xornadas en tres localizacións diferentes sobre "Accidentes de traballo e as enfermidades profesionais, identificación, comunicación e tramitación". Os obxectivos destas xornadas presenciais son principalmente informar e concienciar da importancia que ten un adecuado tratamento nos expedientes relativos aos accidentes de traballo e ás enfermidades profesionais nas actividades da pesca artesanal e o marisqueo; informar aos principais responsables da prevención de como actuar e cales son os pasos a seguir en caso de accidente ou enfermidade laboral e coñecer os trámites necesarios para a correcta tramitación do proceso. Outro obxectivo deste proxecto é dar a coñecer aos traballadores tanto os riscos aos que están sometidos durante o seu traballo como a maneira de minimizalos ou eliminalos e informar e concienciar aos traballadores do sector da baixura e o marisqueo da provincia de A Coruña da importancia da prevención de riscos laborais, promovendo actitudes positivas e de respecto cara a prevención.





d) Visita a un criadeiro de ourizo de mar para coñecer de primeira man este proxecto co obxectivo de comprobar si é viable a adquisición de semente desta especie para repoboar bancos naturais. O ourizo é un recurso de suma importancia en moitas das confrarías desta federación, pero tamén se trata dunha especie moi sensible, cun período de crecemento moi longo, o que fai difícil a súa recuperación e tendo en conta que ata a data non existía a posibilidade de obter semente desta especie.

Estes investimentos previstos coa axuda da Consellería do Mar teñen por obxectivo cubrir unha serie de carencias en canto a mobiliario e a material técnico-informático que permitan dar a atención necesaria aos asociados así como aumentar a eficiencia e produtividade do persoal adaptándose aos novos tempos e no caso da realización das xornadas como da visita á planta de ourizo redundará en interese e beneficio das confrarías asociadas e en definitiva suporán un progreso na eficiencia da prestación das actividades e dos servizos propios da federación, o que se enmarca nos obxectivos básicos de fomento da organización sectorial e mellora da súa competitividade.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo y do Consello 2014/23/UE y 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado a sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro

María de los Ángeles Vázquez Suárez  
(asinado dixitalmente)

